



## NOTAS DO 1º TRIMESTRE E VACACIÓNS DE NADAL

Estimadas familias, queremos informar do seguinte:

- O martes, día 21 de decembro de 2021, o alumnado de Educación Infantil e de Educación Primaria recibirá o boletín de notas do primeiro trimestre. Boletíns visibles, así mesmo, en Abalar móbil, a partir das 13.00 horas.
- O horario de atención ás familias para a entrega do xustificante das notas e para falar cos titores e titoras sobre a evolución académica dos seus fillos e fillas será o primeiro martes lectivo de xaneiro, día 11 de xaneiro de 2022, ás 16.00 horas.
- No caso de non poder asistir este día por forza maior, deberán poñerse en contacto coas respectivas titorías.
- O martes 21 de decembro é día lectivo, polo tanto o alumnado seguirá o horario ordinario. Se ben será un día especial, de celebración do Nadal, no que, entre outras cousas, gozaremos da visita de Papá Noel no noso centro.
- As vacacións de Nadal comezarán o 22 de decembro de 2021 e rematarán o 7 de xaneiro de 2022, comezando as clases o luns 10 de xaneiro de 2022, segundo a *ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Un saúdo

Boborás, luns 20 de decembro de 2021



O director

Javier Álvarez